



Guía Docente				
Datos Identificativos			2022/23	
Asignatura (*)	Estancias Clínicas I	Código	661G01025	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Rodríguez San Adrián, Belén	Correo electrónico	b.rodriguez3@col.udc.es	
Profesorado	Brandariz Pereira, Juan Manuel	Correo electrónico	juan.brandariz@udc.es	
	González Nisarre, Mª Carmen		c.gonzalez.nisarre@col.udc.es	
	Perez Taboada, Monica		monica.perez1@udc.es	
	Rodríguez San Adrián, Belén		b.rodriguez3@col.udc.es	
	Rossi López, Miriam		miriam.rossi@udc.es	
Web	http://www.campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	Son estancias clínicas, correspondentes ó nivel I ou básico da aprendizaxe práctica, dirixidas á adquisición de habilidades na realización de intervencións, técnicas e procedementos de cuidados de enfermería, a través da simulación. Pretendese que o estudantado adquiera certas competencias que garanten a súa propia seguridade e a das -os dos usuarios-os antes do inicio do rotatorio clínico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A37	Realizar as técnicas e procedementos de cuidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
A61	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título e con avaliación final de competencias.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Descibir o obxectivo, material e pasos necesarios para a realización das técnicas e procedementos.	A37 A61	B1	C1
Identificar os factores de risco e aplicar as normas de prevención e seguridade	A37 A61	B6 B20	C4 C10 C12
Identificar as actividades apropiadas para a súa delegación na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría	A37 A61	B5 B7 B10 B11 B13 B14	C3 C7
Identificar e analizar cuestións relacionadas coa confidencialidade, privacidade e dignidade na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría.	A61	B3 B5 B6 B16 B24	C4
Identificar os resultados esperados (seguros e eficaces), e inesperados (problemas potenciais) e a súa resolución na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría	A61	B1 B7 B9 B10 B11 B13	C3 C7
Desenvolver habilidades na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría.	A37 A61	B8 B9 B19	C3
Desenvolver habilidades de comunicación terapéutica .	A61	B7 B9 B11 B14 B15 B16 B24	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1.- INFORMACIÓN E APOIO AO USUARIO NO PASO POLO SISTEMA SANITARIO.	Rexistros e informes.



TEMA 2.- SEGURIDADE E BENESTAR DA USUARIA-O.	Seguridade da persoa Benestar da persoa Mecánica corporal Suxecións Seguridade da persoa Seguridade do traballador Seguridade do traballador
TEMA 3.- HIXIENE	Baño e coidado da pel. Coidados do entorno da persoa
TEMA 4.- CONSTANTES VITAIS	Temperatura corporal Frecuencia cardíaca Frecuencia respiratoria Presión arterial
TEMA 5.- ELIMINACIÓN	Eliminación urinaria. Sondaxe vesical.
TEMA 6.- CONTROL DA INFECCIÓN	Asepsia Técnica estéril Lavado de mans
TEMA 7.- MEDICACIÓN	Preparación da medicación para a súa administración Vías de administración: oral, nasal, oftálmica, ótica, tópica, rectal, intramuscular, subcutánea, intradérmica, intravenosa, intraósea Sueroterapia. Cálculo da velocidade de administración Canalización VVP e a súa fixación Hemoterapia
TEMA 8.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS	Recollida de mostras Electrocardiograma Glucemia capilar Extracción de analítica sanguínea e hemocultivos
TEMA 10.- NUTRICIÓN	Nutrición enteral Nutrición parenteral
TEMA 9.- OSIXENACIÓN	Osixenoterapia. Sistemas de administración de osíxeno Aerolterapia Pulsioximetría e gasometría Fisioterapia respiratoria Aspiración de secrecións Drenaxe torácico Traqueostomías
TEMA 11.- APÓSITOS E COIDADOS DA FERIDA	Vendaxes Coidado das feridas Cura en ambiente húmedo. Produtos sanitarios Prevención e manexo das UPP
TEMA 12.- COIDADOS POSTOPERATORIOS	Ostomías Drenaxes cirúrxicos Retirada de grapas
TEMA 13.- COMUNICACIÓN TERAPÉUTICA	Elementos de la comunicación terapéutica



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B11	1	0	1
Sesión maxistral	B1 B3 B8 B11 B19 B24 C1 C3 C4 C7	25	7	32
Prácticas de laboratorio	B7 B9 B10 B14 B15 B16 B20	60	0	60
Simulación	A37 A61 B5 B6 B9 B10 B13 B14 C10 C12	36	7	43
Lecturas	B1 B3 B8 B11 C3	0	5	5
Proba mixta	B3 B8 B11 C1	2	5	7
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación pormenorizada da materia, obxetivos, horarios, contidos e criterios de avaliación.
Sesión maxistral	Actividade na que a profesora-or expón de maneira oral e con medios audiovisuais contidos teóricos do programa e a orientación bibliográfica dos mesmos.
Prácticas de laboratorio	Actividade na que o estudiantado a través da realización de actividades prácticas adquire destreza na realización de técnicas e procedementos de enfermaría. A asistencia as prácticas de laboratorio é obrigatoria no día e hora que corresponda.
Simulación	Actividade na que a profesora-or configura situacións clínicas reais que favorezcan o desenvolvemento da capacidade para tomar decisións e integrar os coñecementos. Utilízase como metodoloxía de aprendizaxe e como procedemento da avaliación. A asistencia as actividades de simulación é obrigatoria no día e hora que corresponda.
Lecturas	Actividade na que o estudiantado a través da lectura de textos e protocolos profundiza no coñecemento do fundamento dos distintos pasos dunha actividade uo intervención
Proba mixta	Proba escrita con pregunta curta e/o tipo test para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe dos contidos teóricos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Prácticas de laboratorio Simulación	-A atención personalizada relacionada coas prácticas de laboratorio e a simulación ten como finalidade orientar ao estudiantado na adquisición de destrezas, corrección de erros na realización das diferentes técnicas e procedementos de enfermaría e na toma de decisións na secuencia de actividades nas distintas situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos. -A atención personalizada relacionada coa simulación ten como finalidade orientar o estudiantado na toma de decisións ye na secuencia de actividades nas distintas situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos. -A atención personalizada relacionada coa proba mixta e a proba práctica ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	B3 B8 B11 C1	-A proba constará de preguntas curtas e/ou tipo test, relacionadas co saber das competencias das seis partes da asignatura. -A nota final da proba mixta será a resultante de facer a media ponderada das seis partes da asignatura. -Para a súa superación é necesario obter unha nota de 5 sobre 10.	20
Prácticas de laboratorio	B7 B9 B10 B14 B15 B16 B20	-A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria o día e hora que corresponda -Avaliarase o progreso, as actitudes (puntualidade, iniciativa, disposición, interese e motivación) e as aptitudes (coñecementos, habilidade e destreza práctica demostrada) do alumnado, en cada unha das sesións prácticas de laboratorio o longo do curso. -A falta de asistencia non xustificada a unha sesión práctica supón un descenso de 1 punto na nota final da asignatura. -A falta de asistencia non xustificada a máis do 10% das prácticas de laboratorio supón a non superación da asignatura nesta convocatoria. -Para a súa superación é necesario obter unha nota de 5 sobre 10.	30
Simulación	A37 A61 B5 B6 B9 B10 B13 B14 C10 C12	-A asistencia ás actividades de simulación é obrigatoria o día e hora que corresponda. -En cada sesión de avaliación valorarase a capacidade de comunicación e o desenvolvemento das diferentes intervencións, técnicas e procedementos de enfermaría. -Cada sesión puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. -A nota final da simulación será a resultante de facer a media ponderada das simulacións realizadas das seis partes da asignatura -Para a realización da media neste apartado é necesario superar 5 das 6 simulacións realizadas. -Para a súa superación é necesario obter unha nota de 5 sobre 10.	50

Observacións avaliación

- Para promediar a porcentaxe das diferentes metodoloxías o estudiantado debe aprobar, con nota de 5 sobre 10, cada unha das metodoloxías de avaliación da asignatura (prácticas de laboratorio, simulación e proba mixta).
- As partes superadas na 1ª oportunidade conservaranse até a segunda oportunidade.
- Non poderán acceder á 2ª oportunidade o alumnado que non supere a metodoloxía de prácticas de laboratorio por falta de asistencia non xustificadas. A falta de asistencia a máis do 10% das prácticas de laboratorio supón a non superación da materia nesta convocatoria
- 2ª oportunidade: Simulación 80% e proba mixta 20%. Utilizaranse as mesmas características e criterios que na 1ª oportunidade. As probas realizaranse o mesmo día coincidindo coa data oficial de avaliación para a 2ª oportunidade.
- Estudiantado con matrícula parcial: dada a natureza das metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia os criterios de avaliación son os mesmos que para os estudantes a tempo completo.
- Adianto de oportunidade: dada a natureza das metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

Fontes de información



Bibliografía básica	Perry Potter. Enfermería clínica: técnicas y procedimientos. 4ªed. Ed. Harcourt. Mosby-Elsevier 2003. Proehl JA. Enfermería de urgencias. Técnicas y procedimientos. Elsevier. 2005. Berman A, Snyder SJ, Kozier B, Erb G. Fundamentos de enfermería: conceptos, procesos y prácticas (volumen 1). 8ªed. Madrid, 2008. Pearson Educación SA. Javier Ruiz Moreno, María Cruz Martín Delgado, Rosa García-Perché Sánchez. Procedimientos y técnicas de enfermería. Ediciones Rol SL. Barcelona, 2006. Jamerson EM, McCall J, Whyte LA. Procedimientos de enfermería clínica. Elsevier 2008. Manual de CTO Enfermería. Madrid: Grupo CTO. 2011. Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña; 2008. Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC). Enlaces de interese: Fistera: http://www.fistera.com/Fémora: http://www.femora.sergas.es
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001
 Bioloxía/661G01002
 Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004
 Fundamentos da Enfermería/661G01007
 Fisioloxía/661G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacoloxía/661G01011
 Enfermería Clínica I/661G01034

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas II/661G01026
 Enfermería Clínica II/661G01035

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOAS E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. NO CASO DE QUE A ENTREGA dos traballos, fose en papel:- Non se empregarán plásticos- Realizaranse impresións a dobre cara- Empregarase papel reciclado- Evitarase a impresión de borradores.- Na realización dos traballos tutelados, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propoñanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías